



Carys  
Evans-Corrales

*M*  
oza falangueira  
procura lingua  
materna

Tradución de Pepe Coira e Marta Cuba

EDICIÓNS

*laiovento*  
LAIOVENTO

*Narrativa*

## Carys Evans-Corrales



Carys Evans-Corrales (Londres, 1949- Bradford, Pennsylvania, 2020) foi escritora, tradutora, profesora e, se cadra sobre todas as cousas, unha entusiasta dos idiomas, cos que foi entrando en contacto ao longo da súa vida nómade. O traballo do pai, profesor universitario de Lingua e Literatura, fixo que a súa infancia e mocidade transcorresen entre Singapur, Malaisia e Xamaica. Iniciou ou seus estudos universitarios no seu país natal e concluíunos en Sevilla e Salamanca. Durante máis de dez anos, ata 1985, viviu en Compostela traballando como lectora de Inglés. Finalmente, marchou a Estados Unidos, onde desenvolveu unha intensa actividade no ámbito universitario e como tradutora ao inglés de autores galegos; entre eles, Miguel-Anxo Murado, Pilar Pallarés, Anxos Sumai, Xurxo Borrazás...

## Prefacio

Sendo estudante en Kuala Lumpur en 1964, levábame vinte minutos percorrer o camiño dende o turbio balbordo da St. Mary's Girls' School ata Foch Avenue, o transitado punto no que confluían todas as liñas de autobús e lugar de encontro dos adolescentes. A ruta era do máis variado: saía dunha tranquila rúa residencial e atravesaba arboradas avenidas con luxosas mansións ata chegar ao corazón da propia Foch Avenue: unha excitante, aínda que familiar, explosión visual e sonora de restaurantes chineses, tendas de *cheongsam*<sup>1</sup> e vendedores ambulantes, aderezada polo arrecendo de pilas de peixe e luras secas, *kumquats*<sup>2</sup> e ameixas desecadas, e animado pola compañía de sucios cans de palleiro de cor amarela que asexaban entre os postos de comida nos que lles arrincaban a pel ás pitóns aínda vivas ante a expectante ollada dos clientes sentados á mesa.

Estaba chegando ao remate do derradeiro treito sombrizo cando vin o *sadhu*<sup>3</sup>. A razón da súa presenza á beira de todo aquel sarillo non a teño clara; só agora se me ocorre pensar que se cadra vivía nunha das rúas tranquilas e arboradas que había pouco máis alá. Eramos, creo, as dúas únicas persoas á vista naquela deserta fronteira urbana. En calquera caso, a primeira ollada chegoume para ver que tiña a pel escura –se cadra era támil–, ollos grandes e un aspecto agradable, de home intelixente. Estaba, ademais, completamente espido. Resultaba moito máis inquietante, con todo, o feito de que un groso punzón metálico lle atravesaba a lingua por fóra da boca, sen que isto parecese molestarlle.

---

1 Traxe tradicional chinés de muller, de colo alto. (Todas as notas a pé de páxina son dos tradutores)

2 Froita semellante á laranxa, de menor tamaño.

3 Asceta hindú.

Normalmente, non quedas ollando para a xente que está no medio dunha experiencia relixiosa, especialmente cando se trata dun home atractivo, espido e no medio dunha rúa baleira, de maneira que desviei a mirada e proseguín o meu camiño, cos libros do colexio na man. De súpeto, escoitei a voz daquel home materializarse na miña cabeza.

—Non temas —dixo amablemente—. Non che vou facer mal.

Levo pensado moitas veces naquel incidente, buscando resposta a moitas preguntas. Como puido aquel home dirixirse a min se un espeto lle atravesaba a lingua? Había alguén máis por alí? Non me sentira arrepiada ao ter diante un home espido nunha rúa deserta? Que quería dicir con iso de que escoitara a súa voz na miña cabeza? Se cadra o que habería que analizar era a *miña* cabeza. Pero eu sabía, abofé, que a escoitara.

Un amigo inglés preguntoume hai pouco:

—Que acento tiña aquela voz?

Recibiu irritadas respostas doutros dos presentes, que consideraron a pregunta agresivamente antimetafísica... e típica do vello e vergoñento costume británico de empregar a linguaxe coma arma de guerra. Porén, eu sempre pensei que na pregunta daquel amigo reside a auténtica cerna do misterio.

O inglés de Malaisia é, de seu, un territorio de infinitas inflexións, e eu estaba familiarizada coas máis delas. A voz que escoitara era lixeira, moi clara e cun leve acento indio, moito máis lixeiro do que eu levaba escoitado ata entón. Manifestaba, ademais, un manexo do inglés que implicaba un nivel educativo alto e unha sofisticada cultura. A entoación era coidada e moderna, pero non pedante ou impostada.

A que se debía que percibise un acento concreto nunha comunicación telepática? Non debería ter recibido as súas boas intencións coma unha especie de *coñecemento* mudo, ao xeito dalgúns que había experimentar máis adiante? Trataríase tan só, a fin de contas, do acento que eu *agardaría* escoitar dun ser tan superior? Pola miña limitada experiencia en

santóns hindús, non, xa que estaban mergullados na súa propia atmosfera cultural, completamente á marxe de preocupación colonialista ningunha. O concepto dun místico hindú con educación europea non cadraba coa miña escasa experiencia persoal.

Con todo, os moitos anos e migracións que seguiron a aquel momento tan especial o que fixeron foi reforzar o núcleo do asunto: presto máis atención aos segredos da voz cá beizón que pronuncia. Este libro nace das consecuencias daquel feito engaiolante. É tamén o relato dunha peregrinación á procura da verdade e da identidade a través do son das palabras, que ten como destino final –á marxe do engado estético dun ou doutro idioma– un mundo aparentemente indescifrible.

*Carys Evans-Corrales  
Bradford, Pennsylvania  
10 de xaneiro de 2014*